

1. páx. 14

- 1 **Antigo Réxime:** sistema político, económico e social imperante en Europa desde o século xv ao xviii. *Ilustración:* movemento cultural e intelectual europeo (especialmente en Francia e Inglaterra) que se desenvolveu desde fins do século xvii ata o inicio da Revolución Francesa, aínda que nalgúns países se prolongou durante os primeiros anos do século xix. Foi denominada así pola súa declarada finalidade de disipar as tebras da humanidade mediante as luces da razón.

1. páx. 16.

- 1 a) *Monarquía absoluta:* réxime político no que o rei concentra todos os poderes. *Despotismo ilustrado:* forma de goberno na que o rei obra para lograr a felicidade dos súbditos. b) *Hexemonía europea* dun país quere dicir que unha potencia, Francia por exemplo no século xviii, convértese no árbitro político e goza dun poder indiscutible neste ámbito. Pola contra outros países, Gran Bretaña por exemplo, a partir do século xviii propoñen un equilibrio continental no que ningunha potencia fose maior que outra no que a poder político se refire.

1. páx 18.

Mercantilismo	Fisiocracia	Liberalismo
Colbert	Quesnay	Adam Smith
Control estatal	Natureza, agricultura	Liberdade económica
Riqueza interior (ouro e prata)	Riqueza produtiva	Iniciativa, empresa privada
Menos importacións (manufacturas)	Propietarios e agricultores xeran riqueza	Non intervención estatal
Máis exportacións (compañías)	Clases improdutivas, estériles: comerciantes e artesáns	Lei da oferta e a demanda

2. páx 18.

- 2**  Esta actividade axúdalle ao alumnado a desenvolver o pensamento crítico. a) A riqueza dun estado medíase pola cantidade de metais preciosos que posuía. Todo aquilo que contribuíse a aumentar a riqueza de ouro e prata era correcto. b) Só nas actividades agrícolas, a natureza posibilita que o produto obtido sexa maior que os insumos utilizados na produción, xurdindo así un excedente económico. Polo tanto, débese promover a agricultura. c) O mercado regula a economía sen a intervención estatal pois a cantidade de bens –oferta– e a cantidade de potenciais clientes –demanda– farán subir ou baixar os prezos.

2 e 3 da páx. 24.

- 2** A imaxe móstranos unha crítica cara á nobreza e cara ao clero. Á primeira críticaselle a a súa vida marcada pola ociosidade e pola falta de utilidade ao estado. Ao segundo, a súa tremenda influencia social e política e a súa riqueza.
- 3**  Esta actividade permítelle ao alumnado extraer información dun texto. a) Non é posible alterar a orde divina establecida desde a Idade Media na que cada un dos estamentos ten unha función determinada previamente. b) Malia que a nobreza era unha «clase» improdutiva ou inútil, gozaba de todos os privilexios e miraba con superioridade ao burgués, que non obstante era quen achegaba a maior parte da riqueza ao estado.

2 da páx. 33.

- 2**  Esta actividade axúdalle ao alumnado a extraer e sintetizar información nun cadro.

Guerra de Sucesión	
Cronoloxía	1700-1713
Causas	Morte sen descendencia de Carlos II. Varios aspirantes ao trono
Aspirantes ao trono	Felipe de Anjou, Arquiduque Carlos
Bandos en Europa	Francia, Gran Bretaña, Austria, Holanda, Prusia, Savoia e Portugal
Bandos de España	Castela, Aragón
Consecuencias	Tratado de Utrech. Decretos de Nova Planta

1. da páx. 34

- 1 a) Refírese ao apoio dado por estes territorios ao arquiduque Carlos de Austria. b) Polo emprego da primeira persoa que ademais agrupa todos os poderes. c) «Xulguei conveniente abolir e derrogar enteira-mente, os referidos foros, privilexios, práctica e costume ata aquí observados nos referidos reinos de Aragón e Valencia, sendo a miña vontade que estes se reduzan ás leis de Castela...».

3. da páx. 38.

- 3  Esta actividade permítelle ao alumnado interpretar imaxes.

a) En arquitectura, os edificios manteñen un trazado externo simple; non obstante, no interior a decoración desbórdase. O rococó impón a acumulación de elementos decorativos baseados en liñas ondulantes e na asimetría. Alcanza moita difusión o gusto chinés, que entrara en Europa coas pezas de porcelana, teas ou lacas, e que decorará os salóns occidentais cos seus temas máis representativos. En pintura, os temas máis abundantes son as festas galantes e campestas, as historias pastorís, e as aventuras amorosas e cortesás. As composicións son sensuais, alegres e frescas, predominan as cores pasteis, suaves e claras. A muller convértese no foco de inspiración, xa que é a figura bela e sensual.

b) Inspírase nos monumentos da antigüidade grecorromana.

- Concepto de beleza baseado na pureza das liñas arquitectónicas, na simetría e nas proporcións suxeitas ás leis da medida e as matemáticas.
- Gusto pola sinxeleza, con predominio do arquitectónico sobre o decorativo.
- Emprega elementos básicos da arquitectura clásica: columnas, ordes dórica e xónica, frontóns, bóvedas, cúpulas, etc.

c) Citar diferenzas técnicas e estilísticas, por un lado; e por outro as diferenzas temáticas presentes nas epígrafes 8.2 e 8.3.

5. da páx. 36.

Resposta libre

<https://www.importancia.org/tratado-de-utrecht.php>

2.páx. 40.

	Antes	Despois
Política	Absolutismo	Sistema político liberal
Economía	Agraria	Industrial e urbana
Sociedade	Estamental	De clases, baseada na riqueza
Arte	Neoclásico	Romanticismo e realismo

1. páx. 43.

- 1 O eixe cronolóxico podería ser o seguinte: 1765: Lei do Timbre; 1773: Acta do Té. Motín do té; 1775: Inicio da guerra de Independencia; 1776: Declaración de Independencia o 4 de xullo; 1783: Paz de Versalles. Gran Bretaña reconece a independencia de Estados Unidos.

1. páx. 44.

- 1 A nobreza e o clero, estamentos privilexiados do Antigo Réxime, perderan poder ante o absolutismo monárquico. Ademais, algúns sectores da nobreza e do clero pasaban por dificultades económicas. A burguesía vía dificultados os seus negocios polo control monárquico da economía, e ademais aspiraba a contar con poder político. As clases populares encontrábanse nunha difícil situación e criticaban os privilexios estamentais: o campesiñado apenas podía subsistir e debía pagar fortes impostos, mentres os grupos urbanos vivían miseravelmente.

3. páx. 45

- 3** Os «cadernos de queixas» eran demandas e peticións que cada estamento realizaba con anterioridade aos Estados Xerais para ser expostas neles polos seus representantes. Segundo cada estamento, as peticións son diferentes: no de Amont solicítase que se manteñan os privilexios nobiliarios, polo que procede da nobreza; o de Orleans pide que se manteña o décimo e as rendas do clero, polo que corresponde ao estamento eclesiástico; e o de Nimes solicita sexan eliminados os privilexios das terras da nobreza e que todas as propiedades paguen impostos, polo que corresponde ao Terceiro Estado.

6. páx. 45

- 6**  O gráfico mostra a evolución ascendente do prezo do trigo, principal alimento da época, nos anos previos á revolución. Apréciase unha forte suba no período 1765-1770, descendendo desde este último ano. Desde 1780 coincide unha nova suba coa crise financeira e alcanza o seu máximo cara a 1789 coincidindo coa grave bancarrota do Estado, dando orixe a un forte descontento social, pola mala situación económica das clases populares.

1. páx. 46

- 1** O eixe cronolóxico da Revolución Francesa debería polo menos conter o seguinte:

1789: Estados Xerais.

1789-1791: Asemblea Constituínte: Asalto á Bastilla (14 de xullo de 1789); Abolición do feudalismo; Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán (1789); Constitución de 1791.

1791-1792: Asemblea Lexislativa: Intento de fuxida do rei (1791); Inicio da guerra contra Austria e Prusia; Axitación social crecente dos sans culottes.

1792-1795: Convención: Execución de Luís XVI (1793); Guerra contra potencias absolutistas; Goberno xacobino (Robespierre). Época do Terror. Constitución de 1793; Destitución de Robespierre e os xacobinos (golpe de termidor, 1794); Goberno xirondino. Constitución de 1795.

1795-1799: Directorio.

1799: Golpe de brumario (novembro de 1799): establecemento do Consulado. Bonaparte acaba concentrando o poder.